



GALA BENEFICA PROXECTO HOME GALICIA XXV ANIVERSARIO

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2015

O 23 de xaneiro do ano 1990 botaba a andar en Santiago de Compostela, Proxecto Home Galicia.

Cumpridos 25 anos daquela data inaugural e contemplando con serenidade a traxectoria seguida, podemos observar por un lado o traballo persistente da **Fundación Monte do Gozo**, constituída polas cinco dioceses galegas, que asumiu as rendas daquela iniciativa; o traballo tamén das **institucións sociais, públicas e privadas**, que estiveron colaborando para que a cousa fose posible; o traballo dos **Equipos Terapéuticos** que durante estes 25 anos acompañaron os procesos de rehabilitación de milleiros de homes e mulleres; e moi especialmente o esforzo destes homes e mulleres, que apostaron por lle dar un cambio radical á súa vida, para vivila con saúde, responsabilidade e liberdade; ao lado do seu esforzo estivo, por suposto, o das súas **familias**, e o de centos, miles de voluntarios que desinteresadamente quixeron facerse presentes en tarefa tan altamente humanitaria.

Naquelas datas iniciais a Fundación Monte do Gozo – Proxecto Home propúñase, como marco de actuación, a **creación de Centros de Proxecto Home en todas e cada unha das provincias galegas**, para facilitar o acceso a este recurso de rehabilitación por parte de quen quixese servirse del.

Temos que recoñecer, con humildade e con orgullo a un tempo, que este obxectivo que daquela se nos imaxinaba complexo, esixente e, mesmo, inalcanzable, está solidamente acadado: en toda as provincias galegas está presente Proxecto Home, e en tres, A Coruña, Ourense e Pontevedra, estao por partida dobre.

Pois ben, ao lado de todo este traballo, observamos tamén a satisfacción inmensa de comprobar que houbo milleiros de persoas que puideron sacar adiante as súas vidas, e que, de telas totalmente rotas e inservibles, pasaron a convertelas en vidas dignas, vidas gozosas para si mesmas, para as súas familias, e, en conxunto, para toda a sociedade. **En Proxecto Home atoparon**, e seguirán atopando sempre, **un centro libre de drogas**, un espazo cálido e acolledor, onde poder coñecerse e recoñecerse coma persoas, onde aprender a decidir con autonomía e liberdade sobre a súa vida, onde recrear e recuperar espazos familiares deteriorados, onde habilitarse para unha interacción social integrada e construtiva.



GALA BENEFICA PROXECTO HOME GALICIA XXV ANIVERSARIO

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2015

Cando unha persoa se destrúe, dalgunha maneira tamén a sociedade se destrúe; do mesmo xeito, cando unha persoa se constrúe de novo, a sociedade toda está nela restaurando as súas fendeduras. Loxicamente, non podiamos comprobar todo isto, vivido ao longo destes 25 anos tan tensos, densos e frutíferos, sen celebralo, aínda que soamente sexa pola razón simple de que **celebrar o traballado e conseguido nos animará a seguir traballando**, que aquí vale tanto coma dicir conseguindo vidas, vidas con sentido, vidas dignificadas.

Porque se algo temos claro, é que non están os tempos para cesións e abandonos: as substancias tóxicas seguen aí, a facilidade desta nosa sociedade para entregarse a condutas aditivas está aí, como está aí a tendencia a normalizar as cousas, aínda que sexan tan serías como asumir hábitos de dependencia, deteriorando o corpo e o espírito, a capacidade de vivir, a capacidade de estar facendo familia e sociedade responsable e libremente.

En resumo, **queremos agradecer o conseguido**, do que vostedes foron **e son imprescindibles** e, o seu solidario apoio, motívanos para o camiño que temos por diante, espertando no que poidamos a conciencia da sociedade galega para que non se deixe engaiolar cos cantos de sirena das adicións que empezan na compracencia e acaban na destrución persoal e social.

Moitas grazas.